
PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A INSTALACIÓN DUNHA GASOLINEIRA NO ESPAZO RESIDENCIAL DE BRANDÍA

Con data 29 de novembro de 2021 o Concello de Santiago concedeu Licenza de obra e actividade para construír un edificio dedicado á actividade de comercio de alimentación e unidade de subministración de carburantes desatendida, LAP/207/2020, na parcela Z-2A do SUNP 29 de Brandía. Isto tradúcese na construción dunha gasoleira nunha parcela de uso comercial situada xusto na entrada da zona residencial da urbanización de Brandía, no medio das vivendas, en fronte da entrada da Papeleira de Brandía, das paradas do bus urbano e do camiño de entrada cara o Hotel da Quinta da Auga.

A licenza foi concedida a pesar da forte oposición veciñal, así como das empresas ou negocios tamén afectados, que teñen presentadas as súas correspondentes alegacións con data de 31 de maio de 2020, e unhas segundas alegacións con data 11 de novembro de 2021, a Comunidade de propietarios da Urbanización de Brandía volve a presentar alegacións a LAP/207/2020. E vai traducirse nunha actuación cun importante impacto paisaxístico e ambiental en toda a contorna e cuns usos propostos dificilmente compatibles coa contorna urbana e social da zona.

Un caso no que unha vez máis os intereses económicos e de empresas particulares agraden social e ambientalmente ás poboacións locais, co amparo do Concello de Santiago, precisamente a institución pública que debería amparar os intereses veciñais e ser garante e salvagarda do ben común a pesar de que o Pleno a Corporación, na súa sesión ordinaria de xuño do 2021, aprobou unha proposición co seguinte acordo:

1. “Declarar o non amparo do Pleno do Concello de Santiago ás sucesivas tentativas de instalación dunha gasoleira na entrada da urbanización de Brandía, nunha zona residencial de importante valor paisaxístico.
2. Os grupos municipais do Concello de Santiago manifestan o seu apoio á veciñanza de Brandía na súa lexítima oposición á instalación dunha gasoleira ao pé das súas casas, e na entrada da súa zona residencial.
3. Instar ao correspondente órgano de goberno a revisar e vixiar especialmente esta solicitude de instalación dunha gasoleira en Brandía e a ter en conta todas as

alegacións da veciñanza afectada, así como, as das empresas e negocios tamén afectados.

4. Instar ao goberno municipal a que na modificación do PXOM relativa aos usos, que está en tramitación, se incorpore a incompatibilidade deste uso de gasoleira naquelas parcelas de uso comercial integradas na trama urbana e se restrinxa este uso unicamente a aqueles que o contemplaban no PXOM aprobado no 2008.”

Desde os primeiros días de xaneiro de 2022 a empresa promotora comezou a obra para construír a gasoleira e supermercado instalando valados metálicos que invaden as beirarrúas públicas en todo o perímetro da parcela en construción. En diversas ocasións invadiuse a calzada con camiións de grande porte e guindastres durante xornadas completas.

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para a súa resposta **ORAL** a seguinte **PREGUNTA**:

- **Ten solicitada a empresa promotora, e en que data, licenza para a ocupación da vía pública con elementos auxiliares de obra abonando as taxas correspondentes desde o inicio da obra; ten requirido, o Concello, a retirada dos elementos que non tivesen autorización; ten iniciado algún procedemento sancionador por causa destas infraccións; ten reclamado á empresa o pagamento das taxas correspondentes aos meses nos que se ten ocupado a vía pública omitindo as obrigas fiscais que lle corresponden?**

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2022

Marta Lois González
Concelleiro do grupo municipal de Compostela Aberta

Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO